



Boletín Oficial

Provincia de Ourense



N.º 204 · Mércores, 5 setembro 2012

Dep. legal: OR-1/1958 · Franqueo concertado 30/2

SUMARIO

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Corrección de erros en anuncios de aprobación definitiva de ordenanzas, publicados no BOP n.º 189, do 18 de agosto 2012 2

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

Consellería de Economía e Industria

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas. Santiago de Compostela

Información pública da solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de autorización de instalacións da rede de distribución de gas natural no termo municipal do Pereiro de Aguiar (Ourense), promovida pola empresa Gas Galicia, SDG, SA (expediente IN627A 2012/7-0) 2

Resolución de outorgamento a Gas Galicia SDG, SA, da autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Xinzo de Limia, expediente IN627A 2008/15-0 3

Resolución de outorgamento a Gas Galicia SDG, SA, da autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Verín, na provincia de Ourense (expediente IN627A 2008/14-0) 6

Resolución de outorgamento a Gas Galicia, SDG, SA, a autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal da Rúa, na provincia de Ourense (expediente IN627A 2008/6-0) 9

Departamento Territorial de Ourense

Información pública da resolución de petición de autorización da instalación eléctrica: recuamento subestación de Verín, no concello de Verín (n.º expediente: IN407A 2012/35-3) 11

Resolución de autorización e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica: recuamento LMT e CT Xunqueira de Ambía II no concello de Xunqueira de Ambía, n.º expediente: IN407A 2011/65-3 13

Resolución de autorización e aprobación do proxecto de execución da instalación eléctrica: ampliación CT Capitán Cortés, 1 (325777) no concello de Ourense, n.º expediente: IN407A 2012/16-3 13

IV. ENTIDADES LOCAIS

Avión

Exposición pública da aprobación inicial da Ordenanza fiscal da taxa pola utilización do punto para almacenamento temporal de residuos de construción e demolición e outros residuos urbanos en Avión 14

Castrelo de Miño

Exposición pública da aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar 14

Información pública da aprobación inicial da Ordenanza reguladora da prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Castrelo de Miño 15

Entrimo

Aprobación definitiva do expediente de baixa por prescripción de obrigas pertencentes á agrupación de orzamentos pechados 15

San Cibrao das Viñas

Decreto da Alcaldía de resolución sobre delegación de funcións do alcalde para a celebración de voda civil no concelleiro Miguel Ángel Álvarez Campos 15

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Corrección de errores en anuncios de aprobación definitiva de ordenanzas, publicados en el BOP n.º 189, de 18 de agosto 2012 2

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Economía e Industria

Dirección General de Industria, Energía y Minas. Santiago de Compostela

Información pública de la solicitud de autorización administrativa y aprobación del proyecto de autorización de instalaciones de la red de distribución de gas natural en el término municipal de O Pereiro de Aguiar (Ourense), promovida por la empresa Gas Galicia, SDG, SA (expediente IN627A 2012/7-0) 3

Resolución de otorgamiento a Gas Galicia SDG, SA, de la autorización administrativa para la distribución de gas natural canalizado en el término municipal de Xinzo de Limia, expediente IN627A 2008/15-0 5

Resolución de otorgamiento a Gas Galicia SDG, SA, de la autorización administrativa para la distribución de gas natural canalizado en el término municipal de Verín, en la provincia de Ourense (expediente IN627A 2008/14-0) 7

Resolución de otorgamiento a Gas Galicia, SDG, SA, de la autorización administrativa para la distribución de gas natural canalizado en el término municipal de A Rúa, en la provincia de Ourense (expediente IN627A 2008/6-0) 10

Departamento Territorial de Ourense

Información pública da resolución de petición de autorización da instalación eléctrica: retranqueo subestación de Verín en el municipio de Verín (n.º expediente: IN407A 2012/35-3) 12

Resolución de autorización y aprobación del proyecto de ejecución de la instalación eléctrica: retranqueo LMT y CT Xunqueira de Ambía II en el municipio de Xunqueira de Ambía, n.º expediente: IN407A 2011/65-3 13

Resolución de autorización y aprobación del proyecto de ejecución de la instalación eléctrica: ampliación CT Capitán Cortés, 1 (325777) en el municipio de Ourense, n.º expediente: IN407A 2012/16-3 14

IV. ENTIDADES LOCALES

Avión

Exposición pública de la aprobación inicial de la Ordenanza Fiscal de la Tasa por la Utilización del Punto para Almacenamiento Temporal de Residuos de Construcción y Demolición y Otros Residuos Urbanos en Avión 14

Castrelo de Miño

Exposición pública de la aprobación inicial de la Ordenanza Fiscal Reguladora de la Tasa por la Prestación del Servicio de Ayuda en el Hogar 15

Información pública de la aprobación inicial de la Ordenanza Reguladora de la Prestación del Servicio de Ayuda en el Hogar del Ayuntamiento de Castrelo de Miño 15

Entrimo

Aprobación definitiva del expediente de baja por prescripción de obligaciones pertenecientes a la agrupación de presupuestos cerrados 15

San Cibrao das Viñas

Decreto de la Alcaldía de resolución sobre delegación de funciones del alcalde para celebración boda civil en el concejal Miguel Ángel Álvarez Campos 16



I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

I. DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Anuncio

Corrección de erros

Nos seguintes anuncios de aprobación definitiva de ordenanzas, publicados no BOP n.º 189, do 18 de agosto 2012, observáronse erros relativos á indicación dos recursos procedentes contra o acordo publicado:

- Ordenanza provincial de creación do ficheiro automatizado de participantes en accións de promoción de emprego do Inorde.

- Ordenanza provincial de creación do ficheiro automatizado de axentes de promoción económica do Inorde.

- Ordenanza reguladora da Escola de Artes e Oficios.

Procédese á súa corrección, substituindo o último parágrafo dos ditos anuncios polo seguinte:

“Publicase isto e advírtese que contra o acordo de aprobación desta ordenanza se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de 2 meses. Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ó da publicación desta corrección de erros no BOP”.

Ourense, 3 de setembro de 2012. O presidente.

Asdo.: José Manuel Baltar Blanco.

Diputación Provincial de Ourense

Anuncio

Corrección de errores

En los siguientes anuncios de aprobación definitiva de ordenanzas, publicados en el BOP n.º 189, de 18 de agosto 2012, se observaron errores relativos a la indicación de los recursos procedentes contra el acuerdo publicado:

- Ordenanza Provincial de Creación del Fichero Automatizado de Participantes en Acciones de Promoción de Empleo del Inorde.

- Ordenanza Provincial de Creación del Fichero Automatizado de Agentes de Promoción Económica del Inorde.

- Ordenanza Reguladora de la Escuela de Artes y Oficios.

Se procede a su corrección, substituyendo el último párrafo de dichos anuncios por el siguiente:

“Se publica esto y se advierte que contra el acuerdo de aprobación de esta ordenanza se podrá interponer un recurso contencioso-administrativo ante el Tribunal Superior de Justicia de Galicia, en el plazo de 2 meses. Los plazos indicados se computarán a partir del día siguiente al de la publicación de esta corrección de errores en el BOP”.

Ourense, 3 de setiembre de 2012. El presidente.

Fdo.: José Manuel Baltar Blanco.

R. 3.651

III. COMUNIDADE AUTÓNOMA

III. COMUNIDAD AUTÓNOMA

Consellería de Economía e Industria

Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas
Santiago de Compostela

Resolución do 14 de xuño de 2012 da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas pola que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa e aproba-

ción do proxecto de autorización de instalacións da rede de distribución de gas natural no termo municipal do Pereiro de Aguiar (Ourense), promovida pola empresa Gas Galicia SDG, SA, (expediente IN627A 2012/7-0).

Para os efectos previstos no artigo 73 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, no artigo 78 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural, e no artigo 1 do Decreto 62/2010, do 15 de abril, polo que se regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concorrencia de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de gases licuados do petróleo (GLP), sométese a información pública o seguinte proxecto de autorización administrativa:

Peticionario: Gas Galicia SDG, SA, con CIF A15383284 e con enderezo para os efectos de notificacións na rúa Lisboa, s/n, Edificio Área Central, local 31-HIJ, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña).

Antecedentes:

O 26/03/2012 a empresa Gas Galicia SDG, SA, presentou a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto das instalacións da rede de distribución de gas natural no termo municipal do Pereiro de Aguiar (Ourense), acompañada do preceptivo proxecto.

Ante esta solicitude, o 10/04/2012 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas resolveu iniciar-lo trámite de competencia para o outorgamento da dita autorización administrativa, para os efectos previstos no artigo 5 do Decreto 62/2010, do 15 de abril.

A dita resolución foi publicada no Diario Oficial de Galicia do 30/04/2012 e durante o prazo establecido (30 días) non se presentaron outras solicitudes en concorrencia. En consecuencia, procede continuar co procedemento de outorgamento de autorización administrativa solicitada por Gas Galicia SDG, SA.

Obxecto da petición: autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de O Pereiro de Aguiar (Ourense) e aprobación do correspondente proxecto de execución titulado “Proxecto de autorización de instalacións de distribución de gas natural no Pereiro de Aguiar (Ourense)”.

Descrición das instalacións:

A subministración de gas natural realizarase dende unha conexión coa rede existente na rúa A Zamorana do Parque Empresarial de San Cibrao das Viñas, que se sitúa no límite dos termos municipais do Pereiro de Aguiar e San Cibrao das Viñas. Dende este punto de conexión, a rede continúa ata o Polígono Industrial do Pereiro de Aguiar en tubaxe de 200 mm de diámetro en dirección noroeste. Do ramal principal déixanse dúas derivacións, unha cara á zona da Medorra e outra cara á zona de Pedraio, ámbalas dúas en tubaxe de 200 mm de diámetro. A rede inténase polo Polígono Industrial, distribuíndose polas súas rúas e percorre a rúa principal en dirección norte ata chegar á urbanización Monterrei.

Esta rede de distribución, que aparece reflectida nos planos de planta de trazado incluídos no proxecto, deséñase para un rango de presión $2 < MOP$ (presión máxima de operación) ≤ 5 bar, en polietileno de alta densidade PE 100 SDR 17,6, de diámetro variable de 200, 110 e 90 mm, segundo necesidades. A lonxitude prevista para a rede proxectada é da orde dos 8.386 m.

Área de autorización: a solicitude de autorización administrativa afecta ó termo municipal do Pereiro de Aguiar, na provincia de Ourense.

Orzamento: trescentos oitenta e dous mil catorce euros con sesenta e catro céntimos (382.014,64 €).

Publicase isto para coñecemento xeral e para que todas aquelas persoas naturais ou xurídicas, que se consideren prexudicadas nos seus dereitos, poidan presenta-las súas alegacións no prazo de 20 días a partir da data de publicación desta resolución, podendo examina-lo correspondente proxecto na Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, Edificio Administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela, así como na Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía e Industria, rúa Curros Enríquez, 1, 4º, 32003 Ourense.

Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2012. O director xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Asdo.: Ángel Bernardo Tahoces.

Consellería de Economía e Industria **Dirección General de Industria, Enerxía y Minas** **Santiago de Compostela**

Resolución de 14 de junio de 2012, de la Dirección General de Industria, Energía y Minas, por la que se somete a información pública la solicitud de autorización administrativa y aprobación del proyecto de autorización de instalaciones de la red de distribución de gas natural en el término municipal de O Pereiro de Aguiar (Ourense), promovida por la empresa Gas Galicia SDG, SA (expediente IN627A 2012/7-0).

A los efectos previstos en el artículo 73 de la Ley 34/1998, de 7 de octubre, del Sector de Hidrocarburos, en el artículo 78 del Real Decreto 1434/2002, de 27 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro y procedimientos de autorización de instalaciones de gas natural, y en el artículo 1 del Decreto 62/2010, de 15 de abril, por el que se regula el trámite de competencia y los criterios de valoración en el supuesto de concurrencia de dos o más solicitudes de autorización administrativa de instalaciones de transporte secundario y distribución de gas natural y redes de distribución de gases licuados del petróleo (GLP), se somete a información pública el siguiente proyecto de autorización administrativa:

Peticionario: Gas Galicia SDG, SA, con CIF A15383284 y con domicilio a los efectos de notificaciones en la calle Lisboa, s/n, Edificio Área Central, local 31-HIJ, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña).

Antecedentes:

El 26/03/2012 la empresa Gas Galicia SDG, SA, presentó la solicitud de autorización administrativa y aprobación del proyecto de las instalaciones de la red de distribución de gas natural en el término municipal de O Pereiro de Aguiar (Ourense), acompañada del preceptivo proyecto.

Ante esta solicitud, el 10/04/2012 la Dirección General de Industria, Energía y Minas resolvió iniciar el trámite de competencia para el otorgamiento de dicha autorización administrativa, a los efectos previstos en el artículo 5 del Decreto 62/2010, de 15 de abril.

Dicha resolución fue publicada en el Diario Oficial de Galicia de 30/04/2012 y durante el plazo establecido (30 días) no se presentaron otras solicitudes en concurrencia. En consecuencia, procede continuar con el procedimiento de otorgamiento de autorización administrativa solicitada por Gas Galicia SDG, SA.

Objeto de la petición: autorización administrativa para la distribución de gas natural canalizado en el término municipal de O Pereiro de Aguiar (Ourense), y aprobación del correspondiente proyecto de ejecución titulado "Proyecto de autorización de instalaciones de distribución de gas natural en O Pereiro de Aguiar (Ourense)".

Descripción de las instalaciones:

El suministro de gas natural se realizará desde una conexión con la red existente en la calle A Zamorana del Parque Empresarial de San Cibrao das Viñas, que se sitúa en el límite de los términos municipales de O Pereiro de Aguiar y San Cibrao das Viñas. Desde este punto de conexión, la red continúa hasta el Polígono Industrial de O Pereiro de Aguiar en tubería de 200 mm de diámetro en dirección noroeste. Del ramal principal se dejan dos derivaciones, una hacia la zona de A Medorra y otra hacia la zona de Pedraio, ambas en tubería de 200 mm de diámetro. La red se adentra por el Polígono Industrial, distribuyéndose por sus calles y recorre la calle principal en dirección norte hasta llegar a la Urbanización Monterrei.

Esta red de distribución, que aparece reflejada en los planos de planta de trazado incluidos en el proyecto, se diseña para un rango de presión $2 < MOP$ (presión máxima de operación) ≤ 5 bar, en polietileno de alta densidad PE 100 SDR 17,6, de diámetro variable de 200, 110 y 90 mm, según necesidades. La longitud prevista para la red proyectada es del orden de los 8.386 m.

Área de autorización: la solicitud de autorización administrativa afecta al término municipal de O Pereiro de Aguiar, en la provincia de Ourense.

Presupuesto: trescientos ochenta y dos mil catorce euros con sesenta y cuatro céntimos (382.014,64 €).

Se publica esto para conocimiento general y para que todas aquellas personas naturales o jurídicas, que se consideren perjudicadas en sus derechos, puedan presentar sus alegaciones en el plazo de 20 días a partir de la fecha de publicación de esta resolución, pudiendo examinar el correspondiente proyecto en la Dirección General de Industria, Energía y Minas, Edificio Administrativo San Caetano, en Santiago de Compostela, así como en la Jefatura Territorial de Ourense de la Consellería de Economía e Industria, calle Curros Enríquez, 1, 4º, 32003 Ourense.

Santiago de Compostela, 14 de junio de 2012. El director general de Industria, Energía y Minas.

Fdo.: Ángel Bernardo Tahoces.

R. 3.130

Consellería de Economía e Industria **Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas** **Santiago de Compostela**

Resolución do 22 de maio de 2012, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se outorga a Gas Galicia SDG, SA, a autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Xinzo de Limia, na provincia de Ourense (expediente IN627A 2008/15-0).

Logo de examina-lo expediente instruído por solicitude da empresa Gas Galicia SDG, SA, con CIF n.º A15383284 e enderezo, para os efectos de notificacións, na rúa Lisboa, Edificio Área Central, Local 31 - HIJ, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña), resultan os seguintes

Antecedentes de feito

Primeiro.- Con respecto á autorización de distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Xinzo de Limia



(Ourense), e ante as solicitudes presentadas en concorrència por dúas empresas (Gas Galicia SDG, SA, e Endesa Gas Distribución, SAU), a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas resolveu o 15.11.2010 o trámite de competencia a favor de Gas Galicia SDG, SA, o que implica continuar coa tramitación do procedemento de autorización administrativa unicamente con esta empresa.

Segundo.- As características básicas das instalacións correspondentes á solicitude de Gas Galicia SDG, SA, que se recollen no proxecto denominado “Proxecto de autorización administrativa previa da rede de distribución de gas natural no termo municipal de Xinzo de Limia” e na súa addenda I, son as seguintes:

A subministración de gas natural proxéctase a través dunha planta de GNL (gas natural licuado), situada no Parque Empresarial de Xinzo de Limia, dende a que partirá a rede de distribución cara a este propio polígono e, en dirección sur, cara ó núcleo urbano de Xinzo de Limia.

A rede de distribución está formada por unha rede básica de distribución e unha rede secundaria de distribución, ámbalas dúas con rango de presión $2 < \text{MOP}$ (presión máxima de operación) ≤ 5 bar. Da rede básica de distribución partirán outras redes de menor diámetro (menor de 160 mm) cara ós distintos puntos de consumo.

Esta rede deséñase en polietileno de alta densidade PE 100 SDR 17,6 de diámetro variable de DN200 a DN63, segundo necesidades. A lonxitude prevista para a rede é de 12.763,53 m, dos cales 5.810,11 m corresponden á rede básica e 6.953,42 m á rede secundaria.

O seu orzamento ascende á cantidade de setecentos sesenta e seis mil catrocentos sete euros con vinte céntimos (766.407,20 €).

Terceiro.- O 25.04.2011 a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas resolveu someter a información pública o dito proxecto de autorización administrativa e a súa addenda I da rede de distribución de gas natural no termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense), promovido pola empresa Gas Galicia SDG, SA.

Esta resolución publicouse no Diario Oficial de Galicia do 18.10.2011, no Boletín Oficial da Provincia de Ourense do 17.10.2011 e nos xornais La Voz de Galicia e La Región do 19.10.2011, e tamén estivo exposta ó público no taboleiro de anuncios do Concello do Barco de Valdeorras durante un prazo mínimo de vinte días (do 04.05.2011 ó 07.06.2011).

Durante o período de información pública legalmente establecido non se presentaron alegacións.

Cuarto.- O 09.05.2012 a Xefatura Territorial de Ourense da Consellería de Economía e Industria (en adiante, xefatura territorial) emitiu informe favorable sobre o devandito proxecto.

Fundamentos de dereito

Primeiro.- A Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas é a competente para resolver este expediente con fundamento no Estatuto de autonomía de Galicia; no Real decreto 2563/1982, do 24 de xullo, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de industria, enerxía e minas; no Decreto 132/1982, do 4 de novembro, sobre asunción de competencias en materia de industria, enerxía e minas e a súa asignación á Consellería de Industria, Enerxía e Comercio; no Decreto 13/2012, do 4 de xaneiro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia; e no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria; en relación coa Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos; co Real decreto

1434/2002, do 27 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de gas natural; co Decreto 62/2010, do 15 de abril, polo que se regula o trámite de competencia e os criterios de valoración no suposto de concorrència de dúas ou máis solicitudes de autorización administrativa de instalacións de transporte secundario e distribución de gas natural e redes de distribución de gases licuados do petróleo (GLP); coa Orde da Consellería de Industria e Comercio do 30/11/1999 sobre a tramitación de autorizacións administrativas das canalizacións de gas; e coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Segundo.- O citado proxecto cumpre coas esixencias regulamentarias fixadas no Real decreto 919/2006, do 28 de xullo, polo que se aproba o Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos e as súas instrucións técnicas complementarias ICG 01 a 11.

Terceiro.- No expediente instruído para o efecto cúmprense os trámites regulamentarios.

De conformidade cos preceptos legais citados e os demais de pertinente e xeral aplicación, esta dirección xeral, resolve:

- Outorgarlle á empresa Gas Galicia SDG, SA, a autorización administrativa para a distribución de gas natural canalizado no termo municipal de Xinzo de Limia (Ourense), de acordo coas seguintes condicións:

Primeira.- Gas Galicia SDG, SA, constituirá no prazo de dous meses, contado dende o momento do outorgamento da autorización, unha fianza por valor de 15.328,14 €, importe do 2% do orzamento das instalacións, para garanti-lo cumprimento das súas obrigas, consonte ó previsto no artigo 73.4 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, e no artigo 82 do Real decreto 1434/2002, do 27 de decembro. Esta fianza constituirase na caixa xeral de depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, en calquera das formas sinaladas no artigo 11.3 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo, sobre o réxime de instalación, ampliación e traslado de industrias, e será devolta unha vez se formalice a acta de posta en marcha das instalacións.

Segunda.- Dentro do prazo de seis meses, contado a partir da data de publicación desta resolución no Diario Oficial de Galicia, a empresa Gas Galicia SDG, SA, deberá solicitar ante esta dirección xeral a aprobación do proxecto de execución, para o que deberá presenta-lo proxecto detallado das instalacións. En todo caso, deberán cumprirse os prazos previstos no proxecto de autorización administrativa, podendo os ditos prazos ser prorrogados por causa xustificada, trala correspondente solicitude acompañada da xustificación técnica ou exposición da causa de forza maior causante da mora.

Terceira.- As instalacións e as súas montaxes deberán cumprilas disposicións e normas técnicas que en xeral sexan de aplicación e, en particular, as correspondentes ó Regulamento técnico de distribución e utilización de combustibles gasosos coas súas instrucións técnicas complementarias e as normas que os completan, regulamentos electrotécnicos, normas UNE e demais normativa e directrices vixentes, así como cantas as substitúan ou se diten a nivel estatal ou desta comunidade autónoma, e deberán preverse para responder ós avances tecnolóxicos no eido do gas e lograr abastecementos flexibles e seguros.

Cuarta.- A autorización administrativa afecta ó termo municipal de Xinzo de Limia e contempla a gasificación deste municipio de acordo coas especificacións e planos que figuran no proxecto e na súa addenda I presentados pola empresa promotora, subscritos polo enxeñeiro industrial Alfonso Vázquez Varela



(colexiado n.º 1.130) e visados polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Industriais de Galicia, na súa Delegación de Santiago de Compostela, con rexistros n.º 167/08 (data: 27.02.2008) e n.º 337/10 (data: 01.06.2010), respectivamente.

Quinta.- A autorización administrativa outórgase sen prexuízo de terceiros e independentemente das autorizacións ou licencias de competencia doutros organismos ou entidades públicas, necesarios para realiza-las instalacións aprobadas.

Sexta.- A Administración resérvase o dereito a deixar sen efecto esta autorización administrativa por calquera das causas sinaladas no artigo 34.1 do Decreto 1775/1967, do 22 de xullo; por incumprimento das condicións estipuladas; pola facilitación de datos inexactos; ou por calquera outra causa legal ou regulamentaria que así o prevea.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interporse, de se-lo caso, recurso de alzada ante o conselleiro de Economía e Industria, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa notificación.

Santiago de Compostela, 22 de maio de 2012. O director xeral de Industria, Enerxía e Minas.

Asdo.: Ángel Bernardo Tahoces.

Consellería de Economía e Industria

Dirección General de Industria, Enerxía y Minas Santiago de Compostela

Resolución de 22 de mayo de 2012, de la Dirección General de Industria, Enerxía y Minas, por la que se otorga a Gas Galicia SDG, SA, la autorización administrativa para la distribución de gas natural canalizado en el término municipal de Xinzo de Limia, en la provincia de Ourense (expediente IN627A 2008/15-0).

Una vez examinado el expediente instruido a instancia de la empresa Gas Galicia SDG, SA, con CIF n.º A15383284 y domicilio, a los efectos de notificaciones, en la calle Lisboa, Edificio Área Central, local 31 - HIJ, 15707 - Santiago de Compostela (A Coruña), resultan los siguientes

Antecedentes de hecho

Primero.- Respecto a la autorización de distribución de gas natural canalizado en el término municipal de Xinzo de Limia (Ourense), y ante las solicitudes presentadas en concurrencia por dos empresas (Gas Galicia SDG, SA, y Endesa Gas Distribución, SAU), la Dirección General de Industria, Enerxía y Minas resolvió el 15/11/2010 el trámite de competencia a favor de Gas Galicia SDG, SA, lo que implica continuar con la tramitación del procedimiento de autorización administrativa únicamente con esta empresa.

Segundo.- Las características básicas de las instalaciones correspondientes a la solicitud de Gas Galicia SDG, SA, que se recogen en el proyecto denominado "Proyecto de autorización administrativa previa de la red de distribución de gas natural en el término municipal de Xinzo de Limia" y en su addenda I, son las siguientes:

El suministro de gas natural se proyecta a través de una planta de GNL (gas natural licuado) situada en el Parque Empresarial de Xinzo, desde la que partirá la red de distribución hacia este propio polígono y, en dirección sur, hacia el núcleo urbano de Xinzo de Limia.

La red de distribución está formada por una red básica de distribución y una red secundaria de distribución, ambas con rango de presión 2<MOP (presión máxima de operación)≤5 bar. De la red básica de distribución partirán otras redes de menor diámetro (menor de 160 mm) hacia los distintos puntos de consumo.

Esta red se diseña en polietileno de alta densidad PE 100 SDR 17,6 de diámetro variable de DN200 a DN63, según necesidades. La longitud prevista para la red es de 12.763,53 m, de los cuales 5.810,11 m corresponden a la red básica y 6.953,42 m a la red secundaria.

Su presupuesto asciende a la cantidad de setecientos sesenta y seis mil cuatrocientos siete euros con veinte céntimos (766.407,20 €).

Tercero.- El 25/04/2011 la Dirección General de Industria, Enerxía y Minas resolvió someter a información pública dicho proyecto de autorización administrativa y su addenda I de la red de distribución de gas natural en el término municipal de Xinzo de Limia (Ourense), promovido por la empresa Gas Galicia SDG, SA.

Esta resolución se publicó en el Diario Oficial de Galicia del 18/10/2011, en el Boletín Oficial de la Provincia de Ourense del 17/10/2011 y en los periódicos La Voz de Galicia y La Región del 19/10/2011, y también estuvo expuesta al público en el tablón de anuncios del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras durante un plazo mínimo de veinte días (del 04/05/2011 al 07/06/2011).

Durante el periodo de información pública legalmente establecido no se presentaron alegaciones.

Cuarto.- El 09/05/2012 la Jefatura Territorial de Ourense de la Consellería de Economía e Industria (en adelante, jefatura territorial) emitió informe favorable sobre dicho proyecto.

Fundamentos de derecho

Primero.- La Dirección General de Industria, Enerxía y Minas es la competente para resolver este expediente con fundamento en el Estatuto de Autonomía de Galicia; en el Real Decreto 2563/1982, de 24 de julio, sobre traspaso de funciones y servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de industria, energía y minas; en el Decreto 132/1982, de 4 de noviembre, sobre asunción de competencias en materia de industria, energía y minas y su asignación a la Consellería de Industria, Enerxía y Comercio; en el Decreto 13/2012, de 4 de enero, por el que se fija la estructura orgánica de las consellerías de la Xunta de Galicia; y en el Decreto 324/2009, de 11 de junio, por el que se establece la estructura orgánica de la Consellería de Economía e Industria; en relación con la Ley 34/1998, de 7 de octubre, del Sector de Hidrocarburos; con el Real Decreto 1434/2002, de 27 de diciembre, por el que se regulan las actividades de transporte, distribución, comercialización, suministro e procedimientos de autorización de instalaciones de gas natural; con el Decreto 62/2010, de 15 de abril, por el que se regula el trámite de competencia y los criterios de valoración en el supuesto de concurrencia de dos o más solicitudes de autorización administrativa de instalaciones de transporte secundario y distribución de gas natural y redes de distribución de gases licuados del petróleo (GLP); con la Orden de la Consellería de Industria y Comercio de 30/11/1999, sobre la tramitación de autorizaciones administrativas de las canalizaciones de gas; y con la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común.

Segundo.- El citado proyecto cumple con las exigencias reglamentarias fijadas en el Real Decreto 919/2006, de 28 de julio, por el que se aprueba el Reglamento Técnico de Distribución y Utilización de Combustibles Gaseosos y sus instrucciones técnicas complementarias ICG 01 a 11.

Tercero.- En el expediente instruido al efecto se cumplieron los trámites reglamentarios.



De conformidade con los preceptos legais citados y los demás de pertinente y general aplicación, esta dirección general, resuelve:

- Otorgar a la empresa Gas Galicia SDG, SA, la autorización administrativa para la distribución de gas natural canalizado en el término municipal de Xinzo de Limia (Ourense), de acuerdo con las siguientes condiciones:

Primera.- Gas Galicia SDG, SA, constituirá en el plazo de dos meses, contado desde el momento del otorgamiento de la autorización, una fianza por valor de 15.328,14 €, importe del 2% del presupuesto de las instalaciones, para garantizar el cumplimiento de sus obligaciones, conforme a lo previsto en el artículo 73.4 de la Ley 34/1998, de 7 de octubre, y en el artículo 82 del Real Decreto 1434/2002, de 27 de diciembre. Esta fianza se constituirá en la caja general de depósitos de la Consellería de Hacienda de la Xunta de Galicia, en cualquiera de las formas señaladas en el artículo 11.3 del Decreto 1775/1967, de 22 de julio, sobre el Régimen de Instalación, Ampliación y Traslado de Industrias, y será devuelta una vez se formalice el acta de puesta en marcha de las instalaciones.

Segunda.- Dentro del plazo de seis meses, contado a partir de la fecha de publicación de esta resolución en el Diario Oficial de Galicia, la empresa Gas Galicia SDG, SA, deberá solicitar ante esta dirección general la aprobación del proyecto de ejecución, para lo que deberá presentar el proyecto detallado de las instalaciones. En todo caso, deberán cumplirse los plazos previstos en el proyecto de autorización administrativa, pudiendo dichos plazos ser prorrogados por causa justificada, previa la correspondiente solicitud acompañada de la justificación técnica o exposición de la causa de fuerza mayor causante de la demora.

Tercera.- Las instalaciones y sus montajes deberán cumplir las disposiciones y normas técnicas que en general sean de aplicación y, en particular, las correspondientes al Reglamento Técnico de Distribución y Utilización de Combustibles Gaseosos con sus instrucciones técnicas complementarias y las normas que los complementan, reglamentos electrotécnicos, normas UNE y demás normativa y directrices vigentes, así como cuantas las sustituyan o se dicten a nivel estatal o de esta comunidad autónoma, y deberán preverse para responder a los avances tecnológicos en el campo del gas y lograr abastecimientos flexibles y seguros.

Cuarta.- La autorización administrativa afecta al término municipal de Xinzo de Limia y contempla la gasificación de este municipio de acuerdo con las especificaciones y planos que figuran en el proyecto y en su addenda I presentados por la empresa promotora, suscritos por el ingeniero industrial Alfonso Vázquez Varela (Colegiado n.º 1.130) y visados por el Colegio Oficial de Ingenieros Industriales de Galicia, en su Delegación de Santiago de Compostela, con registros n.º 167/08 (fecha: 27/02/2008) y n.º 337/10 (fecha: 01/06/2010), respectivamente.

Quinta.- La autorización administrativa se otorga sin perjuicio de terceros e independientemente de las autorizaciones o licencias de competencia de otros organismos o entidades públicas, necesarios para realizar las instalaciones aprobadas.

Sexta.- La Administración se reserva el derecho a dejar sin efecto la presente autorización administrativa por cualquiera de las causas señaladas en el artículo 34.1 del Decreto 1775/1967, de 22 de julio; por incumplimiento de las condiciones estipuladas; por la facilitación de datos inexactos; o por cualquier otra causa legal o reglamentaria que así lo prevea.

Contra la presente resolución, que no pone fin a la vía administrativa, podrá interponerse, en su caso, recurso de alzada

ante el conselleiro de Economía e Industria, en el plazo de un mes a partir del día siguiente a su notificación.

Santiago de Compostela, 22 de mayo de 2012. El director general de Industria, Energía y Minas.

